



## REGULAMENTO XXI CARRERA POPULAR CONCELLO DE ARTEIXO

### HORARIO:

- 10.15 h Prebenxamín 210 metros
- 10.45 h Benxamíns-Alevíns 960 metros aprox.
- 11.00 h Infantil-Cadete-Xuvenil 2.800 metros aprox.
- 11.30 h Participantes en silla de atletismo e handbike
- 11.45 h Categoría Especial
- 11.50 h Sénior en diante 11.700 metros aprox.

### LUGAR DE SAÍDA: Pazo dos Deportes

### CATEGORIAS:

- Seniors (Masculino e feminino) Desde os nados en 1995 ata os 34 anos. Os atletas junior (nados entre 1999 e 2000) e promesa (nados entre 1996 e 1998) considéranse sénior nesta proba.
- Prebenxamín: nados 2011-2013 Homes e mulleres
- Benxamín: nados 2009-2010 Homes e mulleres
- Alevín: nados 2007-2008 Homes e mulleres
- Infantil: nados 2005-2006 Homes e mulleres
- Cadetes: nados 2003-2004 Homes e mulleres
- Xuvenil: nados 2001-2002 Homes e mulleres
- Veteranos A: 35 a 50 anos inclusive Homes e mulleres
- Veteranos B: 51 a 64 anos inclusive Homes e mulleres
- Veteranos C: 65 anos en diante Homes e mulleres
- Sillas de atletismo e handbike
- Categoría especial

**A CARREIRA É TOTALMENTE GRATUÍTA.** O Concello de Arteixo coa colaboración do Club Atletismo Arteixo organizan a XXI Carreira Popular Concello de Arteixo na que poderán tomar parte todas aquelas persoas interesadas. A distancia será de 11.700 metros aproximadamente. Cada quilómetro do percorrido estará sinalizado. Haberá avituallamentos no quilómetro 6 do percorrido e ao finalizar a proba. O percorrido das distintas categorías será o seguinte:

### Carreira de pre-benxamíns:

- Hora: 10.15 h. Distancia 200 metros
- As inscricións faranse na páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com), ao igual que o resto de atletas
- Está terminantemente prohibido o acompañamento aos participantes por parte de persoas alleas á organización da proba. As persoas participantes deberán ser autónomas na realización do percorrido.
- Todos os participantes recibirán unha medalla conmemorativa. Ao ser unha proba non competitiva, non haberá clasificación nin trofeos

### CIRCUÍTO A (Benxamíns-Alevíns)

- Hora: 10.45 horas Distancia: 960 metros aprox.
- Percorrido: Avda. Arsenio Iglesias ata Glorieta e volta.

### CIRCUÍTO B (Infantis-Cadetes-Xuvenís)

- Hora: 11.00 horas Distancia: 2.800 metros aprox.

- Percorrido: Dúas voltas ao seguinte circuíto, saída do Pavillón, Avda. Arsenio Iglesias, Paseo Fluvial ata entrada na parte posterior da piscina municipal.

### **CIRCUÍTO C (Senior en diante e sillas de atletismo e handbike)**

- Hora sillas de atletismo e handbike: 11.30 horas Distancia: 11.700 metros aprox.
- Hora sénior en diante: 11.50 horas Distancia: 11.700 metros aprox.
- Percorrido: Avda. Arsenio Iglesias, Ponte dos Brozos, Paseo Fluvial, A Ponte do Va, O Cancelo, O Igrexario, Manoi, Os Laranxos, O Val, Mins, Allán, Erbedins, Marciñado, O Foxo, A Ponte do Va, Paseo Fluvial, Ponte dos Brozos, Avda. Arsenio Iglesias e chegada ao Pazo dos Deportes

### **Carreira categoría especial**

- Hora: 11.45 h. Distancia 200 metros aprox
- As inscricións faranse na páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com), ao igual que o resto de atletas
- A organización non dispón de persoal de atención directa ás persoas participantes, debendo estas ser autónomas ou ter acompañante que o axude no desenvolvemento da proba.
- Todos os participantes recibirán unha medalla conmemorativa

A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou propoñer a modificación das bases, circunstancias que serán comunicadas ás persoas participantes coa suficiente antelación.

### **INSCRICIÓN:**

- As inscricións estarán limitadas a 2.500 participantes no cómputo de todas as categorías
- Poderanse formalizar gratuitamente e exclusivamente en: [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)
- **MOI IMPORTANTE:** A data tope de recepción de inscricións será o xoves 26 de abril, ás 24.00 horas non admitíndose baixo ningún concepto ningunha inscrición posterior a devandita data, nin por suposto o mesmo día da competición.

### **RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS:**

- O domingo 29 e luns 30 de abril en horario de 10.00 a 14.00 h, no Pazo dos Deportes de Arteixo.
- O mesmo día da proba no Pazo dos Deportes ata media hora antes do inicio de cada competición. Recoméndase chegar con antelación suficiente para evitar colas de última hora.
- Unha vez finalizada a proba, os participantes non propietarios de chip deberán devolver o chip que a organización lle facilitou nos lugares habilitados ao efecto. No caso de perda ou non devolución, deberán abonar á empresa propietaria dos chips o custe dos mesmos.
- Para a retirada do dorsal, todas as persoas participantes deberán acreditar a súa identidade á hora de recoller o dorsal, e o chip, de ser o caso, con calquera dos seguintes documentos oficiais:
  - Maiores de 14 anos: DNI, ou outro documento oficial
  - Os/as menores de 14 anos: DNI ou libro de familia e do DNI do pai/nai/titor/a.

**CONTROL DE CHEGADA:** A cronometraxe correrá a cargo da Empresa Champion Chip Norte

### **TROFEOS E PREMIOS:**

- Recibirán trofeo os 3 primeiros atletas absolutos clasificados da proba, tanto en homes como mulleres.
- Os 3 primeiros clasificados en categoría benxamín-alevín, tanto en homes como mulleres recibirán trofeo.
- Os 3 primeiros atletas clasificados de cada unha das categorías na categoría Infantil-Cadete-xuvenil, tanto homes como mulleres recibirán trofeo.
- Os 3 primeiros clasificados en cada categoría de veteranos, tanto en homes como en mulleres, recibirán trofeo.

- Trofeo ao corredor/a de maior idade que remate a proba.
- Trofeo ao primeiro/a atleta clasificado/a do Concello de Arteixo, ben que resida no municipio ou ben sexa natural do mesmo. Para optar a este premio deberá facer constar na inscrición esta circunstancia (será imprescindible). Para recibir o trofeo deberá acreditar a súa residencia ou nacemento en Arteixo.
- Poderase esixir o DNI para a entrega de trofeos.
- Farase entrega dos mesmos ao finalizar a proba.
- Os gañadores dos trofeos deberán estar presentes na entrega dos mesmos.
- Todos o nenos e nenas participantes recibirán unha medalla conmemorativa
- Todas as persoas participantes na categoría especial recibirán unha medalla conmemorativa
- Anunciarase por megafonía a localización e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean colocadas ao público.
- Os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega poderán perder o dereito para recollelo. Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada deberán poñer en contacto co Servizo Municipal de Deportes nun prazo máximo de 15 días desde a realización da carreira, para acordar a entrega posterior do premio. Cumprido o dito prazo perderán o dereito a recollelo.
- A organización poderá obsequiar con un agasallo a cada participante.

#### **CONDICIÓN XERAIS:**

- A organización da proba resérvase o dereito de modificar o percorrido por causas de forza maior, así como de aprazar ou suspender a organización dalgunha proba, sen que exista dereito a reclamar ningunha compensación
- A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así como das negligencias ou imprudencias que poidan cometer durante o seu transcurso.
- Todas as persoas participantes declaran expresamente non sufrir ningún problema de saúde que lle impida a práctica deportiva e a disputa desta carreira.
- A organización resérvase o dereito de admisión de aquelas persoas inhabilitadas ou imputadas por causas que afecten ao espírito deportivo da proba (doping, violencia...)
- Dado o carácter deportivo e popular da proba non se admitirán reclamacións, esperando o mellor espírito e comportamento deportivo de todos os participantes. A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen, avisando na medida do posible. O non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da mesma, sendo as súas decisións inapelables. A participación leva a total aceptación do regulamento desta proba.
- O atleta terá a obriga de levar o dorsal claramente visible na camiseta de competición no momento de disputa da carreira.
- Soamente se permite aos membros da organización a utilización de vehículos para o seguimento da proba, estando rigorosamente prohibido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda, sendo motivo de descalificación.
- A organización conta cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como ambulancia e médico na carreira. Durante a carreira, persoal sanitario seguirá o desenvolvemento da mesma, para poder actuar no caso de que se precise os seus servizos.
- A proba contará co apoio de Protección Civil e Policía Local de Arteixo, así como de voluntarios de diversas entidades de Arteixo.
- Facilitarase servizo de duchas e gardarroupa, que estarán situadas no Pazo dos Deportes
- Haberá un espazo de ludoteca para os máis pequenos na instalación da Piscina Municipal. Inscrición en recepción da Piscina Municipal
- Estará a disposición dos corredores e corredoras un servizo de fisioterapia
- Haberá un “coche escoba” para todos aqueles corredores que non estean en condicións de finalizar a proba
- Os resultados publicaranse nas webs do Concello de Arteixo, así como nas distintas webs de ámbito deportivo que así o estimen oportuno

## **CATEGORÍA SILLAS DE ATLETISMO E HANDBIKE**

Poderán participar en handbike ou silla de atletismo, sendo estas categorías independentes, todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento e que sexan maiores de idade con discapacidade física que xustifique a súa participación en esta modalidade. O percorrido será o mesmo que para a categoría sénior

Os atletas deberán presentarse na carpa de control 60 minutos antes do inicio da proba para pasar o control de material e recibir o briefing da carreira. No control de material revisaranse os seguintes elementos, que deberán estar homologados e funcionar correctamente: casco, chasis, banderín de visibilidade, rodas, sistema de freado e sistema de dirección.

**DESCUALIFICACIÓNS:** A descualificación dun/ha atleta na proba pode ser polos seguintes motivos:

- Por deterioración física do/a atleta. Nestes casos a decisión será tomada pola organización da proba a instancias dos servizos médicos dela, e a súa decisión será inapelable.
- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada na meta.
- Non atender as indicacións da organización ou xuíces.
- Entrar fóra do control, previamente establecido, ou non realizar o percorrido completo.
- Non inscribirse na proba.
- Correr co dorsal ou chip doutra persoa ou con máis dun chip. Serán descualificadas ambas as persoas.
- Por condutas antideportivas ou contra o medio ambiente.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.

# XXI CARREIRA POPULAR

## 2018

